



Análise FGE

Os itinerarios de transición para os ecosistemas industriais europeos

A Comisión Europea adoptou en marzo de 2020 unha nova estratexia industrial enfocada en axudar á industria da UE nas súas transformación verde e dixital e impulsar así a competitividade global da UE.

Data de publicación: 18 de outubro de 2023

Contacto: bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu

1. Introducción

O 10 de marzo de 2020, a Comisión adoptou unha nova **Estratexia Industrial**. O obxectivo era axudar á industria da UE para liderar as **transformacións verde e dixital** e impulsar a **competitividade global da UE** e a súa autonomía estratéxica aberta.

Á luz da experiencia da pandemia COVID-19, a **actualización da estratexia industrial da UE en 2021** puxo de relevo a necesidade de **acelerar aínda máis as transicións verde e dixital** e aumentar a **resiliencia** dos ecosistemas industriais da UE. Para iso, a Comisión propuxo poñer en marcha **itinerarios de transición (Transition Pathways)** creados conxuntamente coas **partes interesadas**, a industria e os interlocutores sociais, como un proceso de colaboración esencial para axudar á transformación dos ecosistemas industriais.

2. Plan de transición (Blueprint)

Aínda que cada un dos ecosistemas industriais ten características e necesidades diferentes, tamén se enfrontan a **retos fundamentalmente comúns** á hora de levar a cabo a dobre transición e de mellorar a resiliencia, como a forma de financiación da transición e o impacto social que esta pode ter no sector e na sociedade.

Ademais, moitos ecosistemas tamén están **vinculados ao longo das cadeas de valor**, especialmente entre as industrias de alto consumo enerxético e os ecosistemas de "uso final" da mobilidade, a construción, a electrónica e as enerxías renovables. Así pois, moitas das **solucións** serán **comúns** ou polo menos comparables, e existe o **risco** de que, sen un enfoque e unha orientación comúns, os itinerarios de transición desenvolto en cada ecosistema ignoren consideracións clave, sexan **incoherentes** ou mesmo **contraditorios**.

Por iso, a Comisión Europea e o **Foro Industrial da UE** elaboraron un **Plan (Blueprint) para a transición dos ecosistemas industriais**; un "menú" indicativo para a elaboración dos Itinerarios, que debe ser concretado no marco de cada ecosistema especificado segundo ás súas necesidades, e por medio dun proceso de varias etapas, público e dialogado coas partes interesadas. O Plan consta dos **elementos máis importantes** que deben abordarse para facer posible a **transición**:

- **Infraestruturas**
- **Investimentos e financiamento**
- **Regulación e gobernanza pública**
- **Investigación e innovación, técnicas e solucións tecnolóxicas**
- **Competencias**
- **Dimensión social**
- **Competitividade sostible**

Tras os trastornos causados pola **invasión rusa de Ucraína**, fíxose aínda máis evidente a necesidade de **acelerar a transición ecolóxica** para garantir, entre outras cousas, a eficiencia enerxética e a autonomía, así como un maior control das cadeas de valor estratéxicas. Por iso, o Foro Industrial creou un grupo de traballo para desenvolver rapidamente unha **addenda** a este **Plan de vías de transición**. A addenda engade valor ao plan proporcionando unha ferramenta orientativa sobre como ter en conta a nova situación á hora de desenvolver o camiño cara ao ecolóxico, o dixital e a resiliencia.

3. Proceso de cocreación dos itinerarios de transición

O proceso de deseño e planificación dos itinerarios de transición para cada ecosistema industrial é aberto e inclusivo. Para cada ecosistema, o proceso arrancará coa publicación dun **documento de traballo** dos servizos da Comisión no que se esbozarán diferentes escenarios para a transición. Estes documentos publicaranse individualmente para **consulta pública ás partes interesadas**, para recoller as contribucións dos axentes de cada ecosistema, e doutros actores relevantes.

Tralas consultas públicas, o proceso tamén será informado por outros eventos, como **reunións de stakeholders, talleres temáticos e incluso reunións políticas de Alto Nivel**. Posteriormente, a Comisión e as partes interesadas do ecosistema industrial elaborarán un itinerario e solicitarán a **consulta do Foro Industrial antes de a súa adopción**. Do mesmo xeito, o Foro Industrial seguirá a aplicación do Itinerario.

Trala adopción dos itinerarios de transición de cada ecosistema, a Comisión celebrará **convocatorias abertas** para cada un, nas que invitará ás partes interesadas a involucrarse na súa aplicación, adoptando unha serie de **pledges and commitments (promesas e compromisos)**, que comprenden **accións orientadas a impulsar a dobre transición**.

4. Plataforma de apoio ás partes interesadas

A Comisión está a traballar no lanzamento dunha **plataforma de apoio ás partes interesadas**: un portelo único para que todos os ecosistemas industriais atopen os recursos necesarios e traballen xuntos en solucións para aplicar as diferentes vías de transición.

Permitirá ás partes interesadas dos ecosistemas industriais conectarse á plataforma e acceder a unha serie de contidos adaptados aos seus intereses, incluídas **oportunidades e recursos de aprendizaxe, oportunidades de financiamento, mellores prácticas**, así como **plataformas e comunidades de prácticas pertinentes**. Ao mesmo tempo, a plataforma será utilizada para **recoller as promesas e compromisos das partes interesadas** e permitir a visualización do seu progreso. Por último, os usuarios poderán participar nun espazo comunitario de debate e colaboración. A plataforma farase pública a **principios de 2024**.

5. Os ecosistemas industriais e os itinerarios de transición

A continuación preséntanse, de entre os **14 ecosistemas industriais** identificados pola UE, aqueles que xa contan cun itinerario de transición:

5.1. Turismo

O [turismo](#), como ecosistema máis afectado pola crisis da COVID-19, foi o primeiro ecosistema en contar co seu itinerario de transición publicado en febreiro de 2022. As accións incluídas neste itinerario constituirán os elementos crave da próxima **axenda turística europea 2030/2050**.

A Comisión convida a todas as partes interesadas do sector turístico da UE a que presenten os seus **compromisos de acción concretos**. A idea é publicar estas promesas e compromisos (*pledges and commitments*), recoñecendo a contribución e o liderado das partes interesadas na transición do turismo da UE. Actualmente, a Comisión mantén aberta unha **Convocatoria de compromisos e iniciativas**, á que se pode acceder aquí: [Call for commitments and participation- Transition Pathway for Tourism](#).

O documento do itinerario de transición para o Turismo pode atoparse e descargarse en versión en castelán aquí: [Transition pathway for tourism - Publications Office of the EU \(europa.eu\)](#).

Dentro do itinerario de transición do turismo, celébranse periodicamente unha serie de **eventos de apoio ao proceso de transición**. Entre eles, están:

- As **reunións de partes interesadas do sector turístico da UE (*Together for EU Tourism stakeholders meetings*)**: de momento celebráronse 3: a edición de setembro de 2022, a de febreiro de 2023 e a de setembro de 2023.
- O **Día Europeo do Turismo**: evento anual de reunión das partes interesadas para discutir distintos temas relativos ao turismo, en base ás prioridades políticas desta política no momento da celebración.
- O **Foro Europeo do Turismo**: evento anual coorganizado polo país que ostenta a Presidencia do Consello da UE durante o segundo semestre do ano. Ten un enfoque

político, e adoita tratarse dunha reunión informal dos ministros europeos responsables do turismo.

5.2. Economía social e de proximidade

A **economía social e de proximidade** inclúe servizos e empresas que fomentan cadeas de valor locais e curtas para a produción e o consumo principalmente locais, e que operan servizos persoais e de contacto, pequenas tendas, bares e restaurantes, servizos de reparación, limpeza e mantemento, etc. Os negocios deste ecosistema industrial son na súa maioría **pemes**, que operan en sectores moi diversos, e xeran valor para a economía e a sociedade, converténdose en **importantes vectores para unha transición verde e dixital inclusiva**.

Entre outros beneficios, subministran servizos públicos vitais non garantidos polas autoridades públicas (servizos sociosanitarios, educación, vivenda, etc.); impulsan o espírito empresarial e a innovación social ao combinar o modelo empresarial con misións de interese social ou ecolóxico; están arraigados localmente, promovendo por tanto o crecemento local e modelos económicos sostibles e integradores; e impulsan modelos de negocio participativos, construíndo tecido social e redes de apoio que brindan resiliencia á economía e á sociedade.

A pandemia da COVID-19 afectou os modelos organizativos da economía social de forma diferente, en función das cadeas de valor das que forman parte (servizos sociais, hostalería, turismo, industrias culturais e creativas, etc.). En 2020 os datos amosaban que **a economía social e de proximidade atopábase entre os ecosistemas industriais máis afectados**, en grande parte debido a que as súas cadeas de valor dependen en grande medida da provisión de **servizos de proximidade e contacto persoal**.

Debido ao grande impacto da pandemia, e ao valor fundamental que ten para a sociedade e a economía europeas, este foi o segundo ecosistema en gozar do seu propio itinerario de transición. O proceso de cocreación do itinerario iniciouse o 9 de decembro de 2021 coa publicación do **Plan de Acción Europeo sobre Economía Social**. O itinerario foi publicado o **14 de novembro de 2022**.

O documento do itinerario de transición para a Economía social e de proximidade pode descargarse aquí: [Itinerario de transición para a economía social e de proximidade](#).

A Comisión Europea dirixiuse ás partes interesadas deste ecosistema a través dunha **convocatoria de compromisos** publicada o 14 de novembro. Os primeiros compromisos das

partes interesadas foron publicados o 3 de maio de 2023. A [convocatoria actual](#) ten como data límite para presentar compromisos o **1 de decembro de 2023**, pero permanecerá aberta durante todo o período de aplicación do itinerario de transición.

5.3. Industria química

A industria química é a cuarta industria máis grande da UE, e desempeña un papel crave na dobre transición europea. Os produtos químicos están presentes en arredor do 95% dos produtos manufacturados e atópanse na base das principais cadeas de valor de Europa. Ademais, a industria química é unha das maiores emisor de CO₂ da UE.

Por iso, en **xaneiro de 2023**, a Comisión Europea publicou o **itinerario de transición para a industria química**, elaborado conxuntamente cos países da UE, as partes interesadas da industria química, as ONG e outros *stakeholders*. Ofrece unha lista de máis de 150 accións, agrupadas en 26 temas, que as partes interesadas deben aplicar nun prazo acordado.

O documento do itinerario de transición para a industria química pode atoparse aquí: [Transition Pathway for the Chemical Industry](#).

En febreiro de 2023, a Comisión Europea creou o **Grupo de Traballo sobre Industria Química** —como subgrupo do **Grupo de alto nivel sobre Industrias de Alto Consumo Enerxético**— para colaborar na aplicación conxunta do itinerario. Dende entón, a Comisión convoca **candidaturas con vistas a seleccionar organizacións membros adicionais do subgrupo**, distintas das autoridades dos Estados membros. Pode atoparse máis información sobre a convocatoria neste [documento](#).

Ademais, a Comisión publicou o 12 de xullo de 2023 unha **convocatoria de iniciativas de transición** para apoiar a coimplementación do itinerario da transición da industria química. A primeira data límite para presentar as iniciativas de transición foi o 11 de outubro, pero a **convocatoria permanecerá aberta durante todo o proceso de coaplicación do itinerario**. A Comisión publicará as iniciativas de transición no seu sitio web. Poden presentarse novas iniciativas de transicións [aquí](#).

5.4. Construción

A **construción** é o segundo maior ecosistema industrial da UE en termos económicos, e emprega a uns 25 millóns de persoas. En consecuencia, ofrece un enorme potencial para contribuír ao Pacto Verde Europeo e á Década Dixital. Con todo, este gran ecosistema tamén se enfrenta a numerosos retos; entre eles, figuran as crises actuais, como as secuelas da pandemia da Covid-19 e a invasión rusa de Ucraína, así como a emerxencia climática, a rápida transformación dixital e a transición dende unha economía lineal a unha circular.

Nos últimos anos, a Comisión e os gobernos nacionais puxeron en marcha numerosas iniciativas que afectan a este ecosistema, como a **Renovation Wave** para a redución da súa

demanda enerxética, o **Sistema de Comercio de Dereitos de Emisión para os Edificios** ou a **Nova Bauhaus Europea**. Pero, a pesares de existir moitos obxectivos de cara a futuro, hai moi poucos indicadores sobre cómo debe evolucionar o ecosistema da construción para cumprilos. A construción debe renovar os edificios de forma sostible máis rápido que nunca, prestar continuamente servizos de vixilancia e mantemento, reparar infraestruturas críticas e realizar esforzos para que os edificios sexan máis seguros e accesibles.

O itinerario identifica seis elementos básicos para a transición ecolóxica e dixital e a mellora da resiliencia da industria da construción da UE. Redactouse de acordo co plan do Foro Industrial da UE, e tivo en conta as achegas das **reunións plenarias e sesións temáticas do Foro de Alto Nivel da Construción (HLCF)**, así como a consulta pública baseada no [documento de traballo sobre o itinerario de transición para a construción](#). O documento do itinerario foi publicado o **15 de marzo de 2023**, e pode atoparse aquí: [Transition Pathway for Construction](#).

Como con outros itinerarios de transición, a Comisión mantén aberta unha [Convocatoria de compromisos](#) para as partes interesadas. No seguinte documento se poden consultar estes compromisos, de maneira actualizada: [Compromisos en apoio do itinerario de transición para a construción](#).

5.5. Industria téxtil

O ecosistema téxtil abarca a transformación de fibras naturais e artificiais en fiados e tecidos, a produción de fiados, os téxtiles domésticos, os téxtiles médicos, os filtros industriais, os téxtiles técnicos, as alfombras e as pezas de vestir. Tamén inclúe a produción de calzado e coiro. Constitúe unha das cadeas de valor máis globalizadas a día de hoxe.

A Estratexia Industrial actualizada de 2021 xa sinalara aos produtos téxtiles como unha cadea de valor crave que necesita de xeito urxente realizar unha transición cara a unha produción, un consumo e uns modelos de negocio sostibles e circulares, e ten un gran potencial para iso. O Pacto Verde Europeo, que inclúe un novo [Plan de Acción para a Economía Circular](#), xa identificara o sector téxtil como un sector que consome unha gran cantidade de recursos e que require medidas específicas.

O 30 de marzo de 2022, a Comisión presentou a súa [Estratexia para a circularidade e a sustentabilidade dos produtos téxtiles da UE](#), subliñando o considerable impacto que a produción e o consumo de produtos téxtiles teñen no medio ambiente. Na UE, o consumo de produtos téxtiles, a maioría dos cales son importados, representa neste momento o **cuarto maior impacto negativo sobre o medio ambiente e o cambio climático**, e o **terceiro máis elevado no uso da auga e do chan** desde a perspectiva do ciclo de vida mundial. Así pois a Estratexia establece un marco para facilitar a transición do ecosistema téxtil cara a unha maior circularidade e sustentabilidade de aquí a 2030, abordando o ciclo completo dos produtos de confección e propoñendo medidas para cambiar o modelo de produción e consumo.

O proceso de cocreación do **itinerario de transición para o ecosistema téxtil** aliñouse dende o primeiro momento con esta Estratexia. O documento definitivo publicouse o **6 de xuño de 2023**, e inclúe unhas 50 accións específicas para apoiar as dúas transicións e a súa resiliencia e competitividade a longo prazo. As accións divídense en oito bloques, cada un dos cales representa un aspecto clave da transición. O documento do itinerario de transición para o turismo pode atoparse e descargarse en versión en castelán aquí: [Itinerario de transición para o ecosistema téxtil](#).

As partes interesadas do ecosistema téxtil que queiran presentar os seus compromisos para apoiar as accións do itinerario poden facelo aquí: [Presentación de compromisos](#). Os compromisos son publicados periodicamente.

6. Outros ecosistemas industriais

Existen outros ecosistemas industriais que aínda non contan cun itinerario propio, pero que se atopan no proceso de cocreación do mesmo:

- **Mobilidade, transporte e automoción:** o ecosistema da mobilidade (que comprende toda a cadea de valor dos sectores da automoción, o transporte por auga, o ferrocarril e a bicicleta) será o seguinte en adoptar un itinerario de transición, cuxa publicación prevese para o **terceiro trimestre fiscal de 2023**. O [documento de traballo](#) publicado pola Comisión para lanzar o proceso de cocreación deste itinerario publicouse o 24 de xaneiro de 2022.
- **Comercio ao por menor (Retail):** abarca o comercio minorista de comestibles e non comestibles, o comercio maiorista pertinente e as plataformas en liña, e caracterízase por estar en contacto directo cos consumidores. Durante o outono de 2023 se celebrarán talleres coas partes interesadas para profundar na comprensión dos problemas deste ecosistema. Prevese que a adopción deste itinerario se produza a **principios de 2024**. O [documento de traballo](#) que iniciou este proceso de cocreación publicouse o **28 de xullo de 2023**.
- **Industria agroalimentaria (Agri-food):** o [documento de traballo inicial](#) para a elaboración do itinerario publicouse o 24 de xullo de 2023. Prevese que a publicación do itinerario teña lugar no **cuarto trimestre fiscal de 2023**.
- **Industria aeroespacial e defensa:** o [documento de traballo](#) inicial para a elaboración do itinerario publicouse o **26 de xullo de 2023**. Prevese que a publicación do itinerario teña lugar no **cuarto trimestre fiscal de 2023**. As [consultas públicas](#) coas

partes interesadas que informan o proceso de elaboración do itinerario atópanse abertas ata o **3 de novembro de 2023**.

- **Industria metalúrxica:** aínda non se publicou un documento de traballo inicial, pero a Comisión prevé que o itinerario de transición estea preparado para comezos de 2024.

Por outra banda, certos ecosistemas industriais non teñen un itinerario de transición propiamente dito, senón que este atópase reflectido nunha **Estratexia propia**:

- **Industrias culturais e creativas:** [Plan de Acción Europeo sobre os Medios de Comunicación e o Sector Audiovisual](#) (2020).
- **Industria dixital:** [A Década Dixital Europea e o seu programa político](#) (2021).
- **Industria Electrónica:** [Lei Europea de Chips](#) (2022).
- **Industrias de alto consumo enerxético:** conta cun [Plan director para unha transformación competitiva das industrias de gran consumo enerxético da UE que permita unha economía circular e neutra para o clima en 2050](#).
- **Enerxías renovables:** [Plan REPowerEU](#) (2022).
- **Saúde:** Itinerario de transición cuberto por [HERA \(2020\)](#); a revisión da lexislación farmacéutica (2022); os IPCEI (Proxectos Importantes de Interese Común Europeo) aprobados para a saúde (2022); e a seguridade da subministración de medicamentos no marco da [Estratexia Farmacéutica para Europa \(2020\)](#).

7. Participación de Galicia

7.1. Mobilidade

Dende a perspectiva da participación de **Galicia** en tanto que parte interesada nos distintos itinerarios de transición, cabe destacar o seu rol no **Ecosistema da Mobilidade**. Non se debe esquecer que a industria da automoción -un dos sectores que conforman o ecosistema da mobilidade- ten unha importancia central no tecido socioeconómico galego, representando aproximadamente un 14% do PIB da

Comunidade, e aglutinando unha porcentaxe similar de todo o emprego industrial galego. A planta de produción de Stellantis en Vigo é considerada a máis relevante de España en canto a capacidade de produción, e no sector autonómico existen diferentes organizacións especializadas no sector; por exemplo, o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG), ou o Clúster de Automoción e Mobilidade de Galicia (CEAGA), que promoven e implementan iniciativas de innovación e apoio ás empresas en colaboración coa Xunta de Galicia.

Tamén destaca a participación galega en redes e iniciativas internacionais centradas no sector do automóbil, coma o Grupo Interrexional sobre o futuro do automóbil do Comité Europeo das Rexións (CoRAI), ou a Alianza de Rexións con Industrias de Automoción (ARA), da cal Galicia é membro fundador.

O **IGAPE** (Instituto Galego de Promoción Económica) colabora coas súas **aportacións na elaboración do Informe final deste Itinerario**. Como o documento final do itinerario aínda non se publicou a 19 de outubro de 2023), tampouco se abriron as convocatorias de compromisos, polo que non se pode determinar aínda se existen stakeholders galegos con pledges para este Itinerario.

7.2. Turismo

O **itinerario de transición do turismo** tamén conta con participación galega, a través dunha parte interesada que se comprometeu coa aplicación do itinerario e adoptou accións específicas para a transición:

- **ALBARARI S.L.:** peme de orixe galego, radicada en Oleiros e en Sanxenxo, que presentou dos *pledges* ou promesas en dos temas diferentes:
 - **Tema nº 8 “Transición ecolóxica das empresas e pemes turísticas”:** “Poñer en marcha un conxunto de diferentes medidas que contribúan a reducir o impacto da pegada de carbono no noso negocio e establecer unha canle de comunicación entre os nosos clientes para validar e avaliar as diferentes medidas. O obxectivo é implantar polo menos tres medidas validadas de aplicación concreta para o ano 2023 e difundilas entre os usuarios potenciais para finais de 2023”
 - **Tema nº 22: “Pacto polas competencias en turismo”:** “Implantar un programa de formación específico orientado a desenvolver as competencias interpersoais entre os nosos empregados, creando unha contorna motivadora e reforzando a supervisión e a xestión orientadas a obxectivos. O obxectivo é formar ao 100% dos empregados cada ano e telos a todos formados no ano 2025.”

Albarari dedícase a alugar “burbullas astronómicas” (de deseño e patente propia) a aquelas persoas que queiran vivir unha experiencia inmersiva na natureza, baseada na observación do firmamento pola noite. Para saber máis, pódese consultar a súa páxina web: [ALBARARI S.L.](#)

Outros

No ecosistema da **economía social e de proximidade** xa participan 3 partes interesadas españolas, pero ningunha é de orixe galego: NEST Foundation (Valencia), MONDRAGON S. Coop. (País Vasco) e Wazo Coop. (Extremadura), cun total de cinco *pledges* ou compromisos.

No **itinerario de transición para a construción** existen poucas organizacións que se comprometeran con *pledges*, e ningunha delas é galega. Polo que respecta aos outros Itinerarios xa aprobados, o da **industria química e o da industria téxtil**, aínda non se publicaron os resultados da primeira convocatoria de compromisos (respectivamente, pecharon o 11 de outubro e o 30 de setembro de 2023).